



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Patrimonio cultural

Materia	Patrimonio cultural			
Código	O04G240V01404			
Titulación	Grao en Turismo			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Análise e intervención psicosocioeducativa			
Coordinador/a	Braña Rey, Fatima			
Profesorado	Braña Rey, Fatima			
Correo-e	fatimab@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Materia de carácter introdutorio ao patrimonio cultural como construción social e proceso de traballo con bens culturais.			

## Competencias

Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B3	Capacidade para interpretar criticamente datos e texto
B7	Capacidade de traballo en equipo, así como a nivel individual
B8	Capacidade de aprendizaxe e traballo autónomo
B9	Capacidade de aplicar os coñecementos teóricos e prácticos adquiridos nun contexto académico especializado
C1	Comprender e interpretar coñecementos ao respecto dos axentes económicos que interveñen no turismo e das relacións que se establecen entre eles.
C3	Comprender e interpretar coñecementos ao respecto dos recursos naturais, culturais e patrimoniais relacionados coa actividade turística.
C4	Comprender e interpretar coñecementos ao respecto das diferentes manifestacións antropolóxicas, culturais e sociais que incentivan a actividade turística.
C9	Comprender e interpretar coñecementos ao respecto das técnicas básicas de investigación e prospectiva en materia turística.
C10	Analizar e avaliar os impactos xerados polo turismo
C15	Orientación do servizo ao cliente
D2	Compromiso ético

## Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
---------------------------------	---------------------------------------

Serán capaces de analizar a realidade social e cultural relacionada co patrimonio cultural, natural e a actividade turística.	A1	B3	C1	
	A2	B7	C3	
	A3	B8	C4	
	A4		C9	
	A5		C10	
Saber traballar en equipo de acordo a consideracións éticas para avaliar os impactos do sector turístico e a súa relación co patrimonio cultural	A3	B3	C3	D2
		B9	C10	
			C15	
Entender as características do "novο" consumidor dixital e a incidencia destes na redefinición de modelos de negocio exitosos no sector turístico				
Coñecer e poder poñer en práctica as diferentes técnicas de traballo co patrimonio cultural así como coñecer as achegas antropolóxicas, culturais e sociais relacionados coa actividade turística.	A1	B3	C4	D2
	A2		C10	
	A3		C15	
	A4			
	A5			

## Contidos

Tema	
O patrimonio cultural como construción social.	Definición do concepto de patrimonio cultural. Proceso de activación patrimonial ou patrimonialización.
O coñecemento como patrimonio cultural.	Patrimonio etnolóxico e cultura. Memoria social, tradición e patrimonio cultural.
A construción socio-histórica do patrimonio cultural.	Criterios tipolóxicos. Tipoloxías do patrimonio cultural.
Traballar co patrimonio cultural. Introducción á lexislación e ámbitos de xestión.	Organizacións internacionais relacionadas coa xestión do patrimonio cultural. Lexislación estatal e autonómica. A xestión do patrimonio cultural. Difusión e interpretación.
O patrimonio cultural como recurso turístico.	Ben patrimonial e recurso turístico. Conservación e difusión. Turismo e desenvolvemento.

## Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	29	31	60
Seminarios	15	30	45
Saídas de estudo/prácticas de campo	4	2	6
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	0	7	7
Traballos e proxectos	2	30	32

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

	Descrición
Sesión maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante. Nestas sesións tamén se incluírán algunhas dinámicas como puzzles ou análise de textos que axuden e dinamicen a comprensión e asimilación dos conceptos teóricos da materia.
Seminarios	O alumnado, de maneira individual ou en grupo, elabora un documento sobre a temática da materia ou prepara seminarios, investigacións, memorias, ensaios, resumos de lecturas, conferencias, etc.

Saídas de estudo/prácticas de campo	Actividades de aplicación dos coñecementos a situacións concretas e de adquisición de habilidades básicas e procedimentais relacionadas coa materia obxecto de estudo. Desenvólvense en espazos non académicos exteriores. Entre elas pódense citar prácticas de campo, visitas a eventos, centros de investigación, empresas, institucións... de interese académico-profesional para o alumnado.
-------------------------------------	--

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Entre catro horas e media e seis horas á semana dependendo da normativa de aplicación a docente está ao dispor do alumnado no despacho 2-2-24 do pavillón Olga Gallego. As sesións maxistras inclúen consultas persoais sobre dúbidas e atención personalizada á petición do alumnado e, sempre que non interrompa a dinámica xeral da aula.
Seminarios	Entre catro horas e media e seis horas á semana dependendo da normativa de aplicación a docente está ao dispor do alumnado no despacho 2-2-24 do pavillón Olga Gallego. Os seminarios inclúen consultas persoais e grupais necesarias para a resolución das dúbidas para a correcta realización dos traballos e exercicios.
Saídas de estudo/prácticas de campo	Entre catro horas e media e seis horas á semana dependendo da normativa de aplicación a docente está ao dispor do alumnado no despacho 2-2-24 do pavillón Olga Gallego. As saídas de estudo precisan de algunha atención personalizada para recoller incidencias que puideran impedir a asistencia.

### Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Saídas de estudo/prácticas de campo	Proposta e saídas de estudo e asistencia a conferencias ou eventos relacionados coa materia e recomendados na aula ou ben traballo de campo recomendado para a realización dos traballos e proxectos	10	A3	B3	C1	B8 C3
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	Probas para avaliación de competencias adquiridas que inclúen preguntas pechadas con diferentes alternativas. Ademais se pode incluír nesta proba preguntas abertas e tamén de resposta curta.	50	A3	B3	C1	A4 B7 C3 B8 C4 B9 C9 C10 C15
Traballos e proxectos	O estudante presenta o resultado obtido na elaboración dun documento sobre a temática da materia, na preparación de investigacións, memorias, ensaios, resumos de lecturas, conferencias, etc. Pódese levar a cabo de maneira individual ou en grupo, de forma oral ou escrita	40	A1	B7	C3	D2 A2 B9 C4 A4 C9 A5 C15

### Outros comentarios sobre a Avaliación

Para aprobar a materia é imprescindible ter aprobadas as probas, exame e os traballos requiridos durante o cuadrimestre. É condición imprescindible aprobar ambas partes (traballos e exame) para que sumen a cualificación de cada unha delas. De non superar unha parte da materia concorrerá a convocatoria de xullo para adquirir as competencias non acadadas.

O alumnado non presencial, xunto con aquel que non supere as probas de avaliación continua, deberá realizar un exame que suporá o 100% da nota. O alumnado non presencial inscribírase nun listado da plataforma faitic no primeiros 15 días do cuadrimestre.

Ao comezo do curso indicárase a través de faitic as características das probas de avaliación continua.

A presente guía docente ten un carácter xeral e orientativo. Os contidos poderán sufrir certas modificacións ao longo do curso que se exporán na plataforma de faitic.

*As datas e horarios das probas de avaliación das diferentes convocatorias son as especificadas no calendario de probas de avaliación aprobado pola Xunta de Centro para o curso 2016-2017. No caso de conflito ou disparidade entre as datas dos exames prevalecerán as sinaladas na páxina web da FCETOU.*

### Bibliografía. Fontes de información

Tugores, F. & Planas, R., **Introducción al patrimonio cultural**, 2006,  
Prats, LL., **Patrimonio cultural y antropología**, 1997,

Goetz, J.P. e Le Compte, M.D. (1988) Etnografía y diseño cualitativo en investigación educativa. Madrid. Ed Morata. Pp: 27-29.

Hammersley, M. e Atkinson, P. (1994) Etnografía. Modos de investigación. Barcelona. Ed. Paidós. Pp:15-17.

Levi-Strauss, C. (1987) Antropología estructural. Barcelona. ED. Paidós. Pp: 366-369.

Hobsbawm, E. e Ranger, T. (2002) [Introducción : la invención de la tradición] en La invención de la tradición. Barcelona. Ed. Crítica. Pp: 7-21.

Prats, LL. (1997) [El conocimiento como patrimonio cultural] en Patrimonio cultural y antropología. Barcelona. Ariel. Pp.57-71.

Mayral Buil, G. (2003)[El patrimonio como versión autorizada del pasado] en Patrimonio y pluralidad. Nuevas direcciones en antropología patrimonial. Granada. Diputación de Granada. Pp: 61-78.

Tugores, F. e Planas, R. (2006) Introducción al patrimonio cultural. Gijón. Trea. Pp:19-23; 25-78; 79-113 (Libro completo)

Xosé Carlos Sierra (1997) [O proceso de patrimonialización en Galicia] en Galicia-Antropoloxía. Historia da Antropoloxía. Patrimonio Etnográfico. Capítulo 9. 381-471.

Ballart Hernández, J. e Tresserras, J.J. (2005) Gestión del patrimonio cultural. Barcelona.Ariel. Pp:83-98.

Hernández Hernández, F. (2002) El patrimonio cultural: memoria recuperada. Trea. Madrid. PP: 170-195;355-367; 374-385.

Lei 8/1995 do Patrimonio cultural de Galicia (en PDF atópase na rede).

Arias, F; Farirña, F. (1996) [La legislación sobre el patrimonio histórico de galicia como comunidad autónoma y su evolución]. En Complutum Extra, 6(11), PP: 347-358. Está en PDF 352-357.

Convención 2003 do Patrimonio cultural Inmaterial dispoñible na web da Unesco.

Santana Talavera, A. (1997)Antropoloxía e turismo. Barcelona. Ariel. Pp: 98-104.

Ao comezo do curso facilitarase unha actualización da bibliografía.

---

## **Recomendacións**

---

### **Outros comentarios**

Esta Guía docente anticipa as liñas de actuación que se deben levar ao cabo co alumnado na materia e concíbese de forma flexible. En consecuencia, pode requirir axustes ao longo do curso académico promovidos pola dinámica da clase e do grupo de destinatarios real ou pola relevancia das situacións que puidesen aparecer.

Así mesmo, achegarase ao alumnado a información e pautas concretas que sexan necesarias en cada momento do proceso formativo.

---